


MÚSICA

s a r a n d i p i a



nani garcía trio

T
crítica



Pervivencia dun jazzista

Xoán M. Estévez

A. GARCÍA / DISCO DE NANI GARCÍA TRÍO / SERENDIPIA / XINGRA / 2014

Recibir un novo disco protagonizado por Nani García a esta altura da súa traxectoria é motivo da máxima atención, mesmo á marxe das boas expectativas confirmadas polo músico coruñés, e que o converteron desde hai ben tempo nun nome literalmente imprescindible no panorama musical galego.

NANI GARCÍA TRÍO
Serendipia
Xingra, 2014

Actividades que se espallan a carón doutros nomes - voces - da nosa canción, á par que autor de bandas sonoras para montaxes audiovisuais ou mesmo sinfónicas. Daquela, a súa onnipresenza converte este músico nunha sorte de creador total. Desde os vellos tempos do grupo "Clunia Jazz", porque ese é

por acaso o seu principal sinal de identidade, e que converte este xénero nunha sorte de estilo polivalente, que vén moldeando grande parte da música que foi xurdindo durante a case totalidade do século XX e de momento do XXI. Malia ficar esluídos, os seus intérpretes, nun habitual segundo plano protagonista. Porque o músico de jazz non adoita concitar multitudes nos seus concertos, nin os seus discos son supervendas. Pero cómpre preguntarse, que sería das distintas músicas que temos a ben gozar sen a súa concorrencia?, cal corredores de fondo que renuncian ao recoñecemento masivo, en beneficio doutros colegas que a miúdo si o teñen. Inda así, no jazz tamén salientan individualidades, como proba o encabezamento deste trío, liderado polo referido compositor e pianista.

E nestes tempos de dispersión jazzista, no que algún profesional do xénero asocia este estilo á música contemporánea, é unha boa ocasión comprobar como o veterano Nani García mantén acesos os vellos esquemas, pois "Serendipia" é un disco que exhibe jazz convencional, por máis actualizada que de feito resulte a súa factura. Xa no primeiro tema, "Viñas de Babilonia", deixa clara a súa vitalidade rítmica; a seguir, "Eivas de amor no fio ardente da beleza", mostra unha acougante liña melódica, contida e detallista, que evidencia a outra faciana do rexistro.

Pola súa banda, o líder é quen de multiplicarse como pianista en varias composicións. E finalmente, en "Nom de plume", practica a irreverencia transgredindo a súa propia creatividade, alterando o curso natural desta composición do más fermosa, enriquecida pola contribución da base rítmica do trío, integrada por Miguel Cabana á batería e Simón García ao contrabaixo. Porque no disco hai pasaxes dunha beleza engaiolaonte, ao tempo que tamén deixan a súa pouta o swing e a aparente - improvisación, características que lexitiman a esencia deste xénero, que ten en Nani García un dos seus músicos devanceiros. Sesenta anos contémplano, os que fai durante este 2015. Un boa ocasión para felicitalo, agardando que sexa moito máis o que inda nos ten que ofrecer.